PARLAMENTO DE GALICIA

**Informe inicial de valoración sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a prestación do servizo para a remodelación e reestruturación da información e contidos da web relativos á transparencia e cidadanía do Parlamento de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade**

Rematado o prazo para a presentación de documentación referente a esta contratación administrativa recibíronse as ofertas das seguintes empresas:

- Proposición 1
- Proposición 2
-

Analizada a documentación do sobre B, referente a criterios non avaliables matematicamente, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo, as ofertas que cómpre analizar para a súa posterior avaliación.

A base decimoquinta do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

**I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 49 puntos.**

a.- **Valor técnico da oferta**: de **0 a 42** puntos

a.1.- **Arquitectura, planificación e metodoloxía** (de 0 a 17 puntos)

- Modificacións da proposta de arquitectura da información que melloren a usabilidade, indicando o mapa Web e a estruturación e organización dos contidos
- Planificación temporal con fitos e fases detalladas, indicar o persoal adicado a cada fase e porcentaxe de adicación:
  - Valorarase especialmente o grao de detalle da planificación mostrada, cos fitos do proxecto. Adicionalmente, serán valoradas de forma positiva as planificacións que mostren un desglose en fases que permita acadar os obxectivos básicos do proxecto, e vaian en liña cos entregables que o licitador propón xerar como resultado da execución do proxecto.
- Descrición da metodoloxía a empregar. Cómo se vai adaptar dita metodoloxía ao entorno do Parlamento de Galicia

a.2.- **Axuste de rendemento, achegamento ao cidadán e melloras de usabilidade**: (de 0 a 25 puntos)

- Descrición da solución de alta dispoñibilidade da plataforma de xestión de contidos e axuste de rendemento. Valorarase o incremento dos limiares definidos como mínimos no PPT
- Plan Lexisla con Nós. Valorarase o plan que se propoña para fomentar a súa utilización entre os usuarios e funcionalidades adicionais.

- Usabilidade da páxina Web. Facilidade na introdución de modificacións e actualizacións do novo portal. Definición de procedementos para realizar ditos cambios.

b.- **Melloras**: de **0 a 7** puntos

- Auditoría de seguridade web por unha empresa externa para certificar a seguridade do código entregado. Posibilidade de certificación
- Auditoría de accesibilidade web por unha empresa externa para garantir a accesibilidade web, nivel AA, do portal. Posibilidade de certificación.

De seguido recóllense as características máis salientables ofertadas por cada unha das empresas concorrentes á licitación.

| | Proposición 1 | Proposición 2 |
|---|---|---|
| Arquitectura | Solución de arquitectura sencilla e pouco detallada. | Detalla a arquitectura proposta centrándose na web do cidadán e na de transparencia |
| Planificación | Planificación en tres fases e dous meses. Detalle moi por encima cada unha das tres fases.<br>Equipo de traballo insuficiente: un programador e un director de proxecto | Tres Fases: implementación do deseño, integración coa plataforma de xestión e implementación.<br>Inclúe un plan de calidade.<br>Indica as tarefas por semanas, e a distribución de recursos por tarefas; así como os documentos a entregar por fases.<br>Equipo de traballo composto por catro persoas:<br>• Director do proxecto<br>• Deseñador gráfico<br>• Dous programadores |
| Metodoloxía | Método de traballo Kanban. Non entra en detalle na aplicación da metodoloxía neste caso.<br>Solo indica a determinación do traballo en curso e de medición do tempo para completar | Métodoloxía de traballo Scrum.<br>Unha posible solución ao método de traballo CMMI implementado mediante SCRUM. |

| | | |
|---|---|---|
| | unha tarefa | |
| Alta dispoñibilidade | Non especifica unha solución de alta dispoñibilidade | Non especifica unha solución de alta dispoñibilidade.<br>Especifica que aplicará medidas de seguridade adicionais: "escape strings", saneamento HTML entrante, cifrado de cookies, tokens cifrados.<br>Propón a traducción ao vo, e en partes semiautomática. |
| Axuste de rendemento | Non especifica ningún tema de axuste da solución.<br>Comprométese a cumprir por riba os requisitos de rendemento medidos con pagespeed | Non especifica ningún tema de axuste da solución.<br>Indica a solución técnica de desenvolvemento en: html5, CSS3, SCSS e Javascript<br>Comprométese a cumprir por riba os requisitos de rendemento medidos con pagespeed |
| Plan Lexisla con Nós (achegamento ao cidadán) | Cambia o apartado lexisla con Nós de sitio.<br>Propón o emprego de foros ou formularios que involucren aos deputados e aos grupos parlamentarios | Fomentar o seu emprego con enlaces desde o home e barras laterais.<br>Emprego de filtros de procura sobre este apartado.<br>Dar resposta ao cidadán vía electrónica do estado das súas propostas. |
| Melloras de usabilidade | Indica que se mellorará a usabilidade en base a dispor dun maior número de recursos cos que ofrecer servizos aos usuarios | Listas de comprobación de Nielsen<br>Servizo de validación de CSS |
| Melloras: auditoría de seguridade | Non presenta auditorías de seguridade. | Non presenta auditorías de seguridade externas. |
| Melloras: auditoría de accesibilidade | Non presenta auditorías de accesibilidade. | Non presenta auditorías de accesibilidade externas. |

PARLAMENTO
DE GALICIA

En base a esta información establécense as seguintes puntuacións para cada un dos apartados anteriores:

| | | Proposición 1 | Proposición 2 | PUNTUACIÓN MÁXIMA APARTADO |
|---|---|---|---|---|
| Arquitectura, planificación e metodoloxía | Arquitectura | 2 puntos | 7 puntos | 17 puntos |
| | Planificación | 0 puntos | 2 puntos | |
| | Metodoloxía | 1 punto | 2 puntos | |
| | Subtotal | 3 puntos | 11 puntos | |
| Axuste de rendemento, achegamento ao cidadán e melloras de usabilidade | Alta dispoñibilidade | 0 puntos | 2 puntos | 25 puntos |
| | Axuste de rendemento | 2 puntos | 3 puntos | |
| | Plan Lexisla con Nós (achegamento ao cidadán) | 1 punto | 3 puntos | |
| | Melloras de usabilidade | 0 puntos | 3 puntos | |
| | Subtotal | 3 puntos | 10 puntos | |
| Melloras | Melloras: auditoría de seguridade | 0 puntos | 0 puntos | 7 puntos |
| | Melloras: auditoría de accesibilidade | 0 puntos | 0 puntos | |
| | Subtotal | 0 puntos | 0 puntos | |
| puntuación criterios non avaliables matematicamente | | 6 puntos | 21 puntos | 49 puntos |

PARLAMENTO
DE GALICIA

| | Oferta económica (sen Ive) | Puntos Prezo | Horas | Puntos Horas |
|---|---|---|---|---|
| Proposición 1 | 50.100,00 € | **6,15** | 100 | **10,48** |
| Proposición 2s | 49.550,00 € | **40,00** | 105 | **11** |

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2015

Comisión encargada da negociación

| Director de RRHH e réxime interior | Técnico da D.X. RRHH e réxime interior | Técnico do Servizo de tecnoloxías da información |
|---|---|---|
| Santiago González Serrano | Martín Nercellas Méndez | Pedro Vila López |